



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE CATOIRA PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS),

DECLARA:

Que este IGVS formalizou co Concello de Catoira o instrumento convencional arriba referido con un prazo de execución que abrangue desde a súa sinatura e rematará na data en que se produza a reposición efectiva das cantidades percibidas con cargo ao Fondo de cooperación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto definir os termos da colaboración e os compromisos mutuos das partes asinantes, de cara ao financiamento con cargo ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (no sucesivo, Fondo de cooperación) da actuación de reforma das instalacións do Campo de Fútbol Municipal As Lombas.

O IGVS comprométese a financiar a actuación descrita anteriormente transferindo os fondos establecidos no convenio ao concello.

O concello asinante deste convenio deberá destinar as cantidades aboadas con cargo ao Fondo de cooperación á execución da actuación obxecto de financiamento, e a repoñer a cantidade percibida con cargo ao Fondo de cooperación no prazo de oito (8) anos, contados desde o día seguinte ao da data de formalización do convenio, mediante o ingreso dos importes previstos no mesmo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

I.- O 23 de setembro de 2016 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a resolución da presidenta do IGVS do 20 de setembro de 2016, pola que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000





habitantes.

A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (Diario Oficial de Galicia núm. 83, do 2 de maio) regula, nos seus artigos 82 e 83, o citado fondo dentro das medidas de fomento de rehabilitación edificatoria e da rexeneración e a renovación urbanas.

II.- O procedemento de acceso ao Fondo de cooperación foi convocado, para a anualidade de 2020, mediante a Resolución da Presidencia do IGVS do 26 de xuño de 2020 e, en virtude de resolución da Dirección Xeral do IGVS do 5 de outubro de 2020, aprobouse a solicitude formulada polo concello asinante deste convenio para o acceso ao Fondo de cooperación, a cal materialízase mediante a sinatura do convenio de financiamento.

O convenio ten carácter administrativo e réxese para os seus efectos polas súas cláusulas, non sendo de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puidesen presentar.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria.

